



CONCELLO DE CHANTADA

EXPDTE 8/2018

ASUNTO □ Informe alegacións ao Orzamento do exercicio 2018.

Dacordo co artigo 4.1 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, por o que régulase o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional e o artigo 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, por o que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, TRLRFL, emítase o seguinte

INFORME DE INTERVENCIÓN

PRIMEIRO.- LEXISLACIÓN APLICABLE.

1. Lei 7/85, de 2 de abril, Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, LRBRL.
2. Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, por o que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, TRLRFL.
3. Real Decreto 500/90, do 20 de abril.
4. Bases de Execución do Orzamento para o exercicio.
5. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SEGUNDO.-

O artigo 170 do TRLRFL dispón en canto á lexitimación activa e as súas causas que 1. Para os efectos do disposto no apartado 1 do artigo anterior, terán a consideración de interesados:

- a) Os habitantes no territorio da respectiva entidade local.
 - b) Os que resulten directamente afectados, aínda que non habiten no territorio da entidade local.
 - c) Os colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar por intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lles son propios.
2. Unicamente poderán establecerse reclamacións contra o orzamento:
- a) Por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesta lei.
 - b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigacións esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
 - c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto das necesidades para as que estea previsto.

Está lexitimado para alegar o Orzamento, e os supostos de alegación sao estar taxados, so se terían en conta os aparatados:

PRIMEIRA.- Non se orzamenta nada para executar sentenza firme.

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

EXPDTE 8/2018

En canto a non Orzamentar a Execución da sentenza firme, é preciso mencionar o Informe de secretaría 2018-0061 e por outra banda segundo sinala o propio informe “RE4046 do 13/09/2017 no que se comunica a este Concello o período máximo de 6 meses para a notificación da correspondente resolución contado a partir do día seguinte á súa entrada no Organismo sen prexuízo da suspensións de prazo ao abeiro do artigo 22 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Asimesmo comunicase que a solicitude **NON PODERÁ SER CONSIDERADA ESTIMADA POR SILENCIO ADMINISTRATIVO**, por estar comprendida dentro das excepcións prevenidas no artigo 24 do texto legal citado.”

Polo cal, dacordo co anterior, e sen ter coñecemento esta Intervención dalgún Rexistro máis por parte de Confederación, dende a entrada por Rexistro 13/09/2017, pasaron máis de 6 meses polo cal o silencio é negativo, e non se podería tramitar o Proxecto presentado por non ter os informes sectoriais (o cal require un informe xurídico ao respecto), e segundo o artigo 144.4 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, de solo de Galicia, aplicable tamen aos Proxectos que fai a propia Administración “4. No podrá presentarse la comunicación previa ni concederse licencia sin que se acredite el previo otorgamiento de las autorizaciones urbanísticas o sectoriales de otras administraciones públicas, cuando fueran procedentes de acuerdo con lo dispuesto en la presente ley.”

Polo tanto non se pode realizar o Proxecto planteado.

Todo isto sen perxuízo do sinalado no artigo 173.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo que dispón que a Autoridade administrativa encargada da execución acordará o pago na forma e cos límites do respectivo orzamento. Se para o pago fora necesario un crédito extraordinario ou un suplemento de crédito, deberá solicitarse do Pleno un ou outro dentro dos tres meses seguintes ao día de notificación da resolución xudicial.

TERCEIRA.- Falta de créditos e referencia no anexo de investimentos á ponte programada para o Barrio da Ponte.

En canto a falta de créditos e referencia no anexo de investimentos á ponte programada para o Barrio da Ponte, esta Intervención descoñece compromiso algún.

O presente informe emítese no exercicio do control de gastos e ingresos atribuído a esta Intervención

En Chantada, a data da sinatura electrónica.

A INTERVENTORA,

Asdo.: M^o CRISTINA GONZÁLEZ SANTÍN

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102